

EXPEDIENTE:	2024/00012759V
PROCEDEMENTO:	Plan especial de ordenación

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) na parcela dotacional EU-2. Edificio de investigación para o IDIS.

A proposta é do seguinte teor literal:

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) prevé formular un plan especial co obxecto de implantar as instalacións do dito Instituto no ámbito que de seguido se describe.

### 1. Ámbito do plan especial

O ámbito do plan especial sitúase na beira sur da avenida de Mestre Mateo, entre a rúa de Eira da Palleira e o grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, tamén coñecido como *Banco do Pobre*.

É contiguo ás instalacións do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) e atópase integrado por dúas parcelas catastrais:

5666902NH3456F0001DY  
5666959NH3456F0001MY

### 2. Planeamento vixente

A parcela 5666959NH3456F0001MY atópase cualificada como zona verde pública no Plan parcial do SUP-5, e foi cedida ao Concello de Santiago no procedemento de equidistribución do polígono 2.

A parcela 5666902NH3456F0001DY ten no PXOM a cualificación de sistema xeral de equipamento universitario (EU-2) e atópase adscrita para a súa obtención ao polígono de solo urbano non consolidado NC-P 22 (Burgo das Nacións-Universidade).

A resultas dunha Modificación puntual (MP) do Plan xeral e do Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8) que se aprobou definitivamente o 20 de setembro de 2018, a parcela quedou excluída do ámbito do PE-8, e a MP estableceu a súa ordenación detallada, condicións de edificación e usos permitidos.

### 3. Obxecto do plan especial

A lexislación do solo de Galicia permite que a través dun plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) se poida ordenar a *implantación de dotacións urbanísticas, de carácter público ou privado, en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral* (artigo 177.1.c do Regulamento da lei do solo de Galicia). Con esta finalidade os plans especiais poden modificar a ordenación detallada establecida no plan xeral (artigo 184.3 do RLSG) e deberán conter as determinacións esixidas polo artigo 183.2, e as demais que sexan axeitadas á súa finalidade.

Segundo se describe no borrador do plan, o obxectivo principal é definir as condicións de implantación do edificio de investigación do IDIS, cos seus espazos públicos exteriores e vías de acceso, e coas actuacións complementarias no espazo público que aseguren a súa correcta integración no contorno.

A aprobación do plan especial habilita a obtención anticipada, polo sistema de expropiación forzosa, da parcela 5666902NH3456F0001DY. Ao se tratar dunha dotación pública, a entidade que inste a expropiación en concepto de beneficiaria, deberá acreditar que pode ser titular de bens de dominio público; no seu defecto, o procedemento de expropiación deberá instarse pola administración pública competente -a Universidade de Santiago de Compostela ou a Consellería de Sanidade, segundo proceda-, sen prexuízo da súa ulterior adscrición ao IDIS.

A outra parcela - propiedade do Concello de Santiago- seguirá sendo de dominio público municipal, e inclúese no ámbito para garantir a coherencia da ordenación resultante.

#### **4. Procedemento**

Aínda que no apartado 4 do borrador, se indica que o plan *desenvolve* o planeamento xeral, posto que a dotación EU-2 se atopa prevista no PXOM, o certo é que para os efectos da súa tramitación ten a consideración de plan especial *non previsto*.

O procedemento de aprobación é o regulado no artigo 186 do RLSG e, ao se tratar dun plan especial non previsto, deberá someterse ao informe preceptivo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo antes da súa aprobación definitiva, segundo esixe o apartado e) do artigo 186.1.

#### **5. Avaliación ambiental estratéxica simplificada**

O artigo 46.2 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) dispón que o planeamento de desenvolvemento será obxecto de avaliación ambiental simplificada.

En consecuencia, e de conformidade co que dispoñen os artigos 75.3 da LSG e 186.e do RLSG, antes da aprobación inicial, o Concello debe remitir ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- BORRADOR do plan, no que se conterán polo menos *as liñas esenciais do planeamento*, de xeito que *permita debater os seus criterios, obxectivos e solucións xerais*.

- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (DAE), co contido mínimo esixido polo artigo 29 da Lei 21/2013 *de avaliación ambiental*.

O IDIS presentou o DAE e o Borrador do plan especial con data 16.05.2024, e a arquitecta municipal de Planeamento informou favorablemente a súa remisión a avaliación ambiental.

## CONSIDERACIÓNS

Polo exposto, e considerando:

1. Que pola arquitecta municipal de Planemento emitíuse informe favorable á tramitación da documentación presentada.
2. Que a citada documentación reúne o contido mínimo esixido pola lexislación aplicable (artigo 29 da Lei 21/2013, *de avaliación ambiental* e 186.3 do *Regulamento da Lei do Solo de Galicia*).
3. Que, segundo informe emitido pola Asesoría Xurídica Municipal o 17 de abril de 2015, o órgano substantivo é a Xunta de Goberno, ao ser o que ten atribuída a competencia para aprobar inicialmente o planeamento de desenvolvemento do plan xeral.

## PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.** Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) na parcela dotacional EU-2 (edificio de investigación para o IDIS)*, promovido polo Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

Á solicitude chegaranse o Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan, asinados pola arquitecta M. Isabel Castillo Lema (NUNStudio) e presentados o 16.05.2024.

**Segundo.** Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

A Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.** Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) na parcela dotacional EU-2 (edificio de investigación para o IDIS)*, promovido polo Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

Á solicitude chegaranse o Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan, asinados pola arquitecta M. Isabel Castillo Lema (NUNStudio) e presentados o 16.05.2024.

**Segundo.** Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).